


14



Ollos abertos

A presenza do amigo

Cando marcha un bo amigo, botámolo de menos, acordámonos del.



Un grupo de bos amigos

Nun pobo vivía un grupo de amigos da mesma idade; sempre estaban xuntos, fan ao mesmo colexio. En definitiva, queríanse moito e eran moi bos amigos.

Un verán veu pasar alí as vacacións un rapaz da súa mesma idade, Rubén; integrouse moi ben na cuadrilla e todos se divertían moito. Foron unhas vacacións inesquecibles.

Pero chegou o momento en que Rubén tivo que marchar. Na despedida case choraban de emoción.

Entón Rubén díxolles:

–Non vos preocupedes. Eu déixovos como recordo meu este caderno, no que todos os días escribía algo do que falabamos ou faciamos xuntos. Déixovolo en sinal da grande amizade que teño convosco. Cada vez que o leades, acordarédesvos de min e dos bos momentos que pasamos xuntos.



Mirada penetrante

A presenza do amigo ausente

Hai algúns momentos nos que recordamos de forma especial aos familiares e amigos que están lonxe.

■ Recordamos aos amigos que están lonxe:

-
-
-

▶ ¿En cal deses momentos recordamos máis a esa persoa que non está connosco?

▶ ¿Que é o que máis nola recorda e nola fai presente?



Oídos atentos

A resurrección de Xesús

O Espírito Santo foi sempre o compañeiro inseparable de Xesús. Por iso Xesús prometeu aos Apóstolos que lles daría ese mesmo Espírito, para que os acompañase e os orientase na misión que Xesús lles encomendaba.

1 O Espírito na vida de Xesús.

O Espírito está presente nos momentos clave da vida de Xesús.



■ O anxo díxolle a Xosé:

-Non temas recibir na túa casa a María, a túa muller, pois o fillo que concibiu vén do Espírito Santo. (Mt 1,20)

■ Na sinagoga de Nazaré Xesús dixo:

-O Espírito está sobre min... El foi quen me enviou para proclamarlles a boa nova aos pobres, a anunciar a liberdade aos presos, a dar a vista aos cegos, a liberar aos asoballados. (Lc 4,18)

■ E Xoán testemuñou:

-Vin o Espírito baixar do ceo e pousarse enriba del. (Xn 1,32)

▶ O Espírito aparece nos momentos clave da vida de Xesús:

- Encarnación
- Comezo da vida pública
- Bautismo

■ Aquel a quen Deus mandou fala as palabras de Deus, pois Deus deulle o Espírito sen medida. (Xn 3,34)

■ Pedro tomou a palabra e dixo:

-Deus unxiu co Espírito Santo e encheu de poder a Xesús de Nazaré, que pasou facendo o ben e curando aos oprimidos polo mal. (Feit 10,38)

▶ O Espírito axúdalle a Xesús a _____

2 Xesús promete e envía o Espírito Santo sobre os Apóstolos.



■ Eu rogareille ao Pai e daravos outro defensor que estea sempre convosco: o Espírito da verdade. (Xn 14,16)

■ Cando veña El, o Espírito da verdade, havos encamiñar á verdade plena. (Xn 16,13)

■ O Espírito Santo... ensinarávoslo todo e recordaravos todo o que eu vos dixen. (Xn 14,26)

O Espírito

-
- Deféndeos e protéxeos.
-
- Condúceos á verdade.

- Quedaron cheos do Espírito Santo e anunciaban con valentía a Palavra de Deus. (Feit 4,31)
- Recibiredes a forza do Espírito Santo e sereades as miñas testemuñas... ata os confíns da terra. (Feit 1,8)

–
– Éncheos de valentía.
–



- Os Apóstolos con María esperan que veña sobre eles o Espírito Santo prometido por Xesús.

▶ Le Feit 2,1-3: ¿Como te imaxinas a escena?

- Ao Espírito chámasele:

D _ F _ NS _ R

G _ Í _

M _ STR _

C _ MP _ Ñ _ _ R _

F _ RZ _...

▶ Completa as palabras poñendo as vogais que fallan

▶ ¿Saberías dicir por que se lle chama así ao Espírito?



Memoria esperta

O Espírito guía á Igrexa

A Igrexa sempre creu que o Espírito Santo era o seu animador e o seu guía, quen lle axuda a coñecer cada vez máis a Xesús e a mantén unida en comunidade.

- ¿Quen é o Espírito Santo?

- ¿Cal é a obra do Espírito Santo?

- ¿Cal é a misión do Espírito Santo?

- ¿Cando celebramos os cristiáns a festa do Espírito Santo?



Mans activas

Acoller o Espírito

Xesús segue enviando o Espírito á Igrexa e a cada un de nós. É necesario agradecer ese don tan importante e acollelo dentro de nós. É coma o amigo que nos guía.

■ ¿Que significa acoller o Espírito Santo?

- no silencio do corazón.
- no que nos di a Igrexa, pois nela está presente o Espírito Santo.
- dos pais, os profesores, as persoas maiores.
- por El, para que nos axude a atopar o camiño que habemos de seguir en cada momento.
- e a súa forza para seguir sempre as súas orientacións.



▶ ¿Acollo eu así ao Espírito Santo?

▶ ¿Cómo podo acollelo mellor?

■ ¿En que nos axuda o Espírito?

O Espírito é un amigo que vai comigo

- Cando teño dificultades para facer o ben.
- Cando non comprendo ben algo que nos di Xesús.
- Cando non sei que facer nunha situación determinada.
- Cando estou en perigo de facer algo malo.
- Cando teño medo a que me critiquen por facer algo que é bo.

El ofrécame

-
-
-
-
-

▶ Une con frechas as dúas columnas indicando en cada caso o que nos ofrece o Espírito Santo.